



O Excmo. Concello Pleno, na sesión celebrada o día 28 de marzo de 2019, adoptou, entre outros, o acordo número 12/50 -que se xunta a este oficio- segundo o cal se dispuxo instar a esa Federación a promover un proceso de implantación de xestión único para as policía locais de Galicia, tendente a mellorar a coordinación e o funcionamento destes corpos de seguridade local.

Do que se lle dá traslado aos efectos oportunos, indicándolle que tamén se remite o acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, con esta mesma data.

Lugo, 14 de maio de 2019

A ALCALDESA,



Asdo.: Lara Méndez López.

FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP)

Rúa Varsovia 4-C 6º andar – Área Central

15707 – Santiago de Compostela

JUSTO DÍAZ RODRÍGUEZ, SECRETARIO XERAL DO PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que o Excmo. Concello Pleno, na sesión ORDINARIA celebrada o día vinte e oito de marzo de dous mil dezanove, adoptou, entre outros, o acordo seguinte:

12/50 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 108/2019 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A XESTIÓN ÚNICA DAS POLICÍAS LOCAIS EN GALIZA.- Vista a referida proposición cuxa elevación ao Pleno foi ditaminada favorablemente na Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinaria de Desenvolvemento Económico, Protección da Comunidade e Concello e Cidadanía, celebrada o día 22 de marzo de 2019 e que é do seguinte teor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación que se vive en algunhas cidades e vilas galegas, entre elas Lugo, derivada da xestión das policía locais obríganos a facer unha reflexión que debe ser profunda e colectiva. Problemas relacionados coas competencias, dereitos laborais, obrigas de axentes e mandos, reparto de quendas, horarios, etc... son cuestións que están a provocar disfuncións, dende fai tempo, nas policía locais de varias cidades e concretamente na de Lugo.

Entendemos que o concello de Lugo ten a capacidade e a necesidade de abrir un proceso que, a medio longo prazo, dea como resultado un novo marco de xestión para o funcionamento das policía locais de Galiza. Xa existen leis, como a 8/2007 da Policía de Galiza ou a Lei 4/2007 de coordinación das policía locais de Galiza, que poderían recoller as modificacións oportunas para acadar unha unificación de certos aspectos que permitisen un mellor funcionamento das policía locais.

Sen interferir na autonomía das entidades locais, mais entendemos que hai que empezar a estudar solucións para atallar problemas que se están a dar en moitas vilas e cidades galegas. O concello de Lugo pode liderar un proceso para instar ás institucións implicadas a iniciar unha adaptación legislativa que sirva para ordenar as policía locais que permita garantir o seu correcto funcionamento dende un ámbito superior ao local.

Por todo isto propoñemos o seguinte:

ACORDO

Instar ao Goberno Municipal a comezar os estudos e os contactos necesarios coas institucións e entidades precisas para iniciar un proceso que conduza a un modelo único de xestión das policía locais en Galiza que permita unha mellor coordinación e un mellor funcionamento.”

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: 19p030120050

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-3-2019

E vista a emenda presentada polo Grupo Municipal Socialista, número 113 de Rexistro de Pleno, consistente en substituír o acordo da proposición por esta nova redacción: "Instar tanto á Xunta de Galicia coma á FEGAMP a que promovan un proceso de implantación de xestión único para as policía locais de Galicia, tendente a mellorar a coordinación e o funcionamento destes corpos de seguridade local". E tendo en conta que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asambleas Abertas, autor da proposición, acepta a referida emenda só no caso de que converta nunha emenda de adición, cuestión que é aceptada polo grupo autor da emenda.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

- Votos a favor: 16, dos seguintes concelleiros adscritos aos Grupos Municipais Socialista (GMS), Lugonovo (GMLN), do Bloque Nacionalista Galego-Asambleas Abertas (GMBNG-AA), Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (GMC-PC) e Grupo Mixto (GM):

- Excm.a Sra. Alcaldesa Dona Lara Méndez López (GMS).
- Ilma. Sra. Dona Ana Prieto Nieto, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (GMS).
- Ilmo. Sr. Don Miguel Fernández Méndez, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS)
- Ilma. Sra. Dona María del Carmen Basadre Vázquez, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS).
- Ilma. Sra. Dona Ana María González Abelleira, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS).
- Ilmo. Sr. Don Xosé Daniel Piñeiro Villares, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS).
- Ilma. Sra. Dona Rosana Rielo Rozas (GMS), Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía.
- Ilmo. Sr. Don Manuel Núñez López (GMS), Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas.
- Dona María Cristina Pérez Herráiz (GMLN).
- Dona María Victoria Esteban Riesco (GMLN).
- Don Víctor Andrés Álvarez Arias (GMLN).
- Don Rubén Arroxo Fernández (GMBNG-AA).
- Dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón (GMBNG-AA).
- Dona María Olga Louzao Aldariz (GMC-PC).
- Don Jesús Expósito López (GMC-PC).
- Don Carlos Anxo Portomeñe Pérez (GM).

- Votos en contra: 8, dos seguintes concelleiros adscritos ao Grupo Municipal Popular (GMP):

- Dona Ana María López Pombo (GMP).
 - Dona María Encarnación Amigo Díaz (GMP).
 - Don Antonio Ameijide Osorio (GMP).
 - Dona Isabel Devesa Piñeiro (GMP).
 - Don Enrique Ceferino Rozas López (GMP).
 - Don Manuel López Fernández (GMP).
 - Dona María de los Ángeles Teijeiro González (GMP).
 - Don Ángel Trabada Gómez (GMP).
- Abstencións: ningunha.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por dezaseis votos a favor, oito en contra e ningunha abstención, aproba a proposición presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asambleas Abertas, co engadido introducido pola emenda aceptada, e, en consecuencia, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Instar ao Goberno Municipal a comezar os estudos e os contactos necesarios coas institucións e entidades precisas para iniciar un proceso que conduza a un modelo único de xestión das policía locais en Galiza que permita unha mellor coordinación e un mellor funcionamento.

SEGUNDO.- Instar tanto á Xunta de Galicia coma á FEGAMP a que promovan un proceso de implantación de xestión único para as policía locais de Galicia, tendente a mellorar a coordinación e o funcionamento destes corpos de seguridade local.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excm. Sra. Alcadesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a deste Secretario.